

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE MARZO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a retrocesión dun edificio que forma parte do recinto do antigo Hospital Xeral de Lugo á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Marín para o acondicionamento da PO-546 Humanización da rúa Concepción Arenal entre a rotonda de Las Anclas e rúa Real de Cantodarea, Marín, por un importe dun millón seiscientos quince mil cento trinta e seis euros con un céntimo.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Pontevedra para realizar as obras necesarias básicas para a urbanización do núcleo rural de Trado, por un importe de cento noventa e un mil catrocentos dous euros con trinta e seis céntimos (191.402,36 €).
- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación puntual nº 2 do proxecto sectorial do parque empresarial de Mos (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2018-2019, por un importe de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso

escolar 2018-2019, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación As Burgas para el Tratamiento y Rehabilitación del Enfermo Alcohólico, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento cincuenta e dous mil novecentos cincuenta e sete euros (152.957,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía (ASVIDAL) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento oitenta mil seiscentos corenta e catro euros (180.644 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de noventa e oito mil trescentos corenta e nove euros (98.349 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (UTACA) Luis Miguel Morás da Coruña, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de cento setenta e cinco mil cento setenta e cinco euros (175.175 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento do sector mineiro galego.
- Informe sobre as directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o cronograma e promoción da candidatura a Patrimonio Mundial Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a situación da Orde de axudas para á transformación e comercialización de produtos agrarios.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a creación de novas prazas de atracada para a frota nos peiraos dependentes da Xunta de Galicia nos últimos catro anos.

A XUNTA APROBA A RETROCESIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DO EDIFICIO QUE ALBERGARÁ A NOVA OFICINA DE FORMACIÓN E EMPREGO DE LUGO

- *O edificio é un dos que compoñen o Novo Barrio da Residencia, que transformará o complexo do antigo Hospital Xeral de Lugo*
- *A Xunta xa licitou en febreiro o proxecto básico e de execución da obra*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a retrocesión á Tesouraría Xeral da Seguridade Social do edificio que albergará a nova oficina de formación e emprego de Lugo. O inmovible forma parte do Novo Barrio da Residencia, que permitirá darlle novos usos sociosanitarios ao complexo do antigo Hospital Xeral da capital lucense.

Este edificio no cal se situará a nova oficina de formación e emprego foi construído en 1973 e na actualidade alberga un pavillón administrativo. Dado que o inmovible foi transferido á Xunta para usos sanitarios, é preciso realizar a súa retrocesión á Seguridade Social e, posteriormente, solicitar un novo título de ocupación, para poder instalar alí a nova oficina de emprego e formación.

Ao mesmo tempo, a Xunta de Galicia xa licitou o pasado mes de febreiro o proxecto básico e de execución da obra. A esta licitación, que conta cun orzamento de 56.842,90 euros (IVE incluído), presentáronse once empresas e a súa adxudicación realizarase en breve.

Rehabilitación integral

A Administración galega realizará neste inmovible unha importante rehabilitación, dado que este inmovible foi construído hai 45 anos e ao longo do tempo sufriu varias reformas interiores, pero en ningún momento se realizaron actuacións máis aló do acondicionamento interior. Nesta instalación integraranse as dúas oficinas de emprego que hai na cidade, o que permitirá un importante aforro anual en alugueiros, xa que estes servizos pasarán a ofrecerse nun único inmovible propiedade da Comunidade Autónoma.

O edificio conta con cinco plantas (baixa, primeira, segunda, terceira e semisoto). Nas catro plantas situaranse os servizos de emprego e formación, mentres que no semisoto estarán os servizos comúns e unha sala de conferencias. A rehabilitación realizarase sempre respectando as especificacións que establece o grao de protección que lle outorga a planificación urbanística da cidade de Lugo.

Esta actuación súmase aos pasos xa dados para o novo Centro Integral de Saúde, o primeiro que se porá en marcha en Galicia. O Goberno galego dá así un importante paso no impulso do Novo Barrio da Residencia, un proxecto clave para a cidade de Lugo que ten como obxectivo a transformación integral do antigo complexo sanitario,

dotándoo de novos usos para a cidadanía, ao tempo que se logra eliminar barreiras e conectar o barrio da Residencia co centro da cidade.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS NA HUMANIZACIÓN DA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL DE MARÍN PARA CONVERTELA NUNHA VÍA MUNICIPAL

- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda asinará un convenio co Concello de Marín para cofinanciar as obras, que se executarán entre o treito de 500 metros da estrada PO-546 que vai desde a glorieta de Las Anclas e á rúa real de Cantodarea*
- *O orzamento deste proxecto ascende a máis de 1,6 millóns de euros, que serán achegados nun 80 % polo Goberno galego e nun 20 % polo Concello de Marín*
- *O obxectivo da actuación é ampliar as beirarrúas para facilitar o paso de peóns, reordenar os aparcamentos e a zona de carga e descarga para facilitar o tráfico*
- *O Concello de Marín, que ten redactado os proxectos construtivos, contratará e executará as obras e comprométese a asumir a titularidade da PO-546 en todo o tramo que percorre o seu termo municipal*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Marín para o acondicionamento da rúa Concepción Arenal, entre a rotonda De las Anclas e a rúa Real de Cantodarea, na estrada PO-546. A Administración autonómica achegará o 80% do importe desta actuación e o Concello o 20% restante, e asumirá, ademais, a titularidade da vía.


A rúa Concepción Arenal correspóndese cun treito da estrada autonómica PO-546 que comunica Pontevedra con Marín e que nesta zona se atopa moi urbanizado, cun tráfico principalmente local tras a posta en marcha da variante deste municipio.

O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta pretende adaptar as condicións deste treito da estrada ao seu actual uso como vía urbana, ampliando as beirarrúas para facilitar o tránsito peonil, reordenar os aparcamentos e a zona de carga e descarga, na procura dun tránsito máis fluído na estrada. Ademais, prevese renovar os servizos existentes e instalar novo mobiliario urbano.

O obxecto da actuación de urbanización e humanización ten algo máis de 500 metros de lonxitude. O novo deseño da vía terá un largo de calzada de 6,2 metros, con dous carrís por cada sentido aos que se suman 2,20 metros máis na zona onde está previsto o espazo de aparcadoiro, na marxe esquerda, no sentido de José Trasende a Contodarea.

Coa sinatura do convenio, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de subvencionar o 80 % das obras cun investimento de case 1,3 millóns de euros. Pola súa banda, o Concello de Marín, que redactou os proxectos construtivos, financiará o 20% restante, contratará e executará as obras. Ademais, a Administración local comprométese a asumir a titularidade da

PO-546 en todo o tramo que percorre o seu termo municipal, entre os puntos quilométricos 5 +060 (inicio da rúa Concepción Arenal) e 7 +040 (final da estrada, na intersección coa PO-551), de xeito previo á licitación da obra.



A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE PONTEDEVA NA URBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE TRADO PARA FACILITAR A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS SOCIAIS

- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda achegará máis de 190.000 euros para o financiamento das obras*
- *Os traballos consistirán en rematar a catro vías de circulación no ámbito e dotalas con servizos de abastecemento, saneamento, electricidade e telefonía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Pontedeve para levar a cabo a urbanización da entrada do núcleo rural de Trado e facilitar deste xeito o desenvolvemento dun proxecto de construción de vivendas sociais nese ámbito.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asumirá o compromiso de subvencionar as obras, destinando case 192.000 euros a este fin. O Concello de Pontedeve levará a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras, facilitará a información necesaria e comunicará á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción do proxecto.

Trátase de rematar a execución de catro vías conforme o establecido no Plan xeral de ordenación municipal, dúas delas con calzada de 6 metros para permitir os dous sentidos de circulación, máis unha beirarrúa de 2 metros. As outras dúas terán unha calzada con sentido único de circulación, beirarrúa e banda de aparcadoiro en liña.

En todos os casos as vías contarán con beirarrúas con largo de 2 metros e zona de aparcamento, a instalación de servizos de abastecemento, saneamento, electricidade e telefonía.

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA VEIGADAÑA, EN MOS, PARA ADAPTALO Á DEMANDA ACTUAL

- *O obxectivo principal do cambio é flexibilizar os posibles usos do solo empresarial e o tamaño mínimo das parcelas*
- *Desde o ano 2009 adxudicáronse máis de 261.000 metros neste parque empresarial, convertido nun importante polo de desenvolvemento económico do sur da provincia de Pontevedra*
- *As ofertas están á disposición dos empresarios interesados 18 parcelas que suman máis de 130.000 metros cadrados ofertados para venda con bonificación do 30% do solo ou en dereito de superficie*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe definitivamente a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial da Veigadaña, promovido pola empresa pública Xestur no concello pontevedrés de Mos, co obxectivo de adecuar as súas ordenanzas á demanda existente no dito parque empresarial.

A modificación puntual do proxecto sectorial incide sobre determinadas magnitudes da ordenación do parque empresarial, como a superficie mínima das parcelas e as condicións de parcelación, os usos predominantes e compatibles do solo do parque empresarial. Neste sentido, increméntanse os posibles usos do solo dotándoo de flexibilidade para adaptalo á evolución da demanda.

No parque empresarial de Mos adxudicáronse desde 2009 máis de 261.000 metros cadrados de solo empresarial en compravenda ou dereito de superficie, o que converte este parque empresarial nun importante polo de desenvolvemento económico do sur da provincia de Pontevedra.

Actualmente, no parque empresarial de Mos existen 18 parcelas dispoñibles para a venda ou adxudicación en dereito de superficie. A súa superficie total é de 131.780 metros cadrados.

O prezo das parcelas do parque empresarial de Mos está bonificado nun 30 por cento e tamén se poden adxudicar en dereito de superficie, cun canon anual dende 2,12 euros por metro cadrado os dous primeiros anos.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CONTINUARÁ APOIANDO O FUNCIONAMENTO DO IES RAFAEL PUGA RAMÓN E DO CENTRO DE FP RAMÓN CALVO SOTELO

- *O Consello da Xunta aprobou a renovación dos convenios coa Deputación da Coruña para este efecto*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria continuará apoiando no curso 2018/19 o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón e do centro de formación profesional Calvo Sotelo. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á renovación dos convenios entre o departamento educativo do Goberno galego e a Deputación da Coruña – administración titular destes dous centros-, que suporá un investimento de algo máis de 597.000 euros.

O importe dos convenios dará continuidade ao servizo educativo que neles se presta, e que beneficia máis de 800 alumnas e alumnos, cubrindo parte dos gastos de persoal (tanto o docente como o de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vén prestando o seu apoio á Administración provincial para o soporte destes dous centros educativos desde hai máis de 30 anos.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 600.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE CONVENIOS PARA A ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS

- *As contías rexistran un incremento do 3% con respecto do ano anterior*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e catro asociacións para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos por un importe de 607.125 euros. Estas contías rexistran un incremento do 3% con respecto do ano anterior.

O obxectivo do financiamento destes convenios é prestar atención especializada e integral ás persoas con este tipo de trastornos, facilitando que a súa atención sexa máis completa e integral e, con iso, acadar un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Estas actuacións complementan os dispositivos de saúde mental en áreas específicas para dar unha resposta máis completa ás necesidades asistenciais, concretamente no ámbito da atención aos problemas relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos.

En concreto, as entidades destinatarias das axudas son a Asociación Viguesa de Alcoholoxía (ASVIDAL), que recibe un total de 180.644 euros; a asociación As Burgas, á que se destinan 152.957 euros; a Asociación de Exalcohólicos Ferrolterra, cun total de 98.349 euros; e a Asociación Unidade de Tratamento de Alcohol e Condutas Aditivas (UTACA) Luis Miguel Morás, que recibirá un total de 175.175 euros.

Cada unha destas asociacións, na súa área de influencia, desenvolverá programas de intervención e asistencia sanitaria e especializada e atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos, atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

Estes convenios súmanse aos outros cinco convenios autorizados en febreiro polo Consello da Xunta e recentemente asinados, relativos ás asociacións Cruz Vermella Lugo, ASFEDRO, Alborada, ACLAD e Fundación Monte do Gozo, aos que se lles autorizou un importe total de 5.145.335 euros.

A XUNTA CONVOCA NOVAS AXUDAS QUE MOBILIZARÁN MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS PARA IMPULSAR A SUSTENTABILIDADE, A PREVENCIÓN E A INNOVACIÓN NO SECTOR MINEIRO

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria informou hoxe no Consello da Xunta desta convocatoria, destinada a entidades sen ánimo de lucro, que permitirá desenvolver ao redor de 20 proxectos de mellora das prácticas preventivas e ambientais, transferencia de coñecemento, e de investigación e innovación*
- *A intensidade máxima de axudas será do 80% e terase en conta a tipoloxía da actuación, a calidade técnica da proposta e a difusión de resultados*
- *A Xunta ratifica o seu compromiso cunha minaría segura e sustentable capaz de crear máis valor nun sector que representa máis do 1% do PIB e que xera 5.000 empregos*

A Xunta ratifica o seu compromiso coa minaría a través da convocatoria dunha liña de axudas para impulsar a sustentabilidade, a prevención e a innovación no sector. Prevese que esta nova orde permita desenvolver ao redor de 20 proxectos e mobilizar máis dun millón de euros.

A convocatoria, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), está dirixida a entidades sen ánimo de lucro con representación no sector mineiro galego que presenten iniciativas que teñan como obxectivo mellorar as prácticas preventivas e ambientais; a transferencia de coñecemento, a investigación e a innovación neste eido; o aproveitamento racional e eficiente dos recursos minerais, ou a divulgación e promoción do sector.

As axudas, que poderán cubrir ata o 80% cun máximo de 100.000 euros por proxecto, tramitaranse por concorrencia competitiva e nos criterios de valoración terase en conta a tipoloxía da actuación -atendendo á finalidade, impacto e carácter innovador, a calidade técnica da proposta, e a difusión de resultados. Cun orzamento final da Xunta para este programa de 889.642 euros, os apoios poderán destinarse a gastos relacionados con recursos humanos, adquisición de equipamento e instrumental, custos de investigación contractual e patentes, ou material funxible.

O desenvolvemento destas iniciativas redundará na mellora do ambiente -grazas a proxectos que terán un menor impacto no contorno- e nunha maior seguridade no desenvolvemento da actividade mineira por parte dos traballadores ao fomentar a prevención en materia de riscos laborais. Estes apoios sumaranse aos realizados nas edicións anteriores, que desde 2012 permitiron o desenvolvemento de 60 proxectos, aos que a Xunta destinou 3,7 millóns de euros.

Deste xeito, a Xunta segue mantendo a súa aposta por impulsar unha minaría segura e sustentable, capaz de crear máis valor e empregos na Comunidade mantendo todas as garantías urbanísticas, ambientais e técnicas nun sector que representa o 1% do PIB e que xera 5000 empregos en Galicia.

A XUNTA INICIARÁ UN PROCESO DE SUMA DE APOIOS E ACTIVIDADES AO REDOR DA CANDIDATURA CÍES-ILLAS ATLÁNTICAS

- *O obxectivo é lograr o máximo consenso e implicación da sociedade civil galega, así como de asociacións e entidades representativas e de prestixio, para reforzar a proposta e asegurar a súa declaración como patrimonio mundial*
- *A candidatura avanza polo bo camiño, posto que acaba de ser rexistrada na lista indicativa da UNESCO, onde debe permanecer un ano antes de seguir co procedemento*
- *Cíes-Illas Atlánticas supón unha oportunidade histórica para Galicia, da que se beneficiarán de xeito directo todos os concellos que forman parte dela: Vigo, Bueu, Vilagarcía e Ribeira*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciará un proceso de suma de apoios e posta en marcha de actividades divulgativas en torno á candidatura a patrimonio mundial Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas, co obxectivo de lograr o máximo consenso e implicación da sociedade civil galega, así como de asociacións e entidades representativas e de prestixio. O Consello da Xunta coñeceu hoxe o cronograma de accións da candidatura, un día despois de que a directora do Centro do Patrimonio Mundial, Mechtild Rössler, lle comunicase ao conselleiro Román Rodríguez que a dita proposta xa está rexistrada na UNESCO.

Cómpre lembrar que a candidatura xa superou a primeira proba cando o Consejo de Patrimonio Histórico Español aprobou a súa inclusión na lista indicativa o pasado mes de outubro. E neste sentido, a lista foi actualizada e publicada pola UNESCO o pasado 5 de febreiro. Este último é un paso fundamental e indispensable para que unha candidatura se traduza nunha realidade. A partir deste momento, e por requirimento da propia UNESCO, Cíes-Illas Atlánticas deberá permanecer na lista un ano antes de seguir co procedemento.

Actividades no eido cultural, educativo e natural

Durante este período, a Xunta fomentará a suma de apoios á candidatura e deseñará un variado programa de actividades para promocionala tanto desde o ámbito cultural, como educativo e natural. Unha vez rematado o prazo de espera, remitirase o primeiro expediente da candidatura ao Ministerio de Cultura para a súa valoración polo grupo de traballo do Consejo de Patrimonio Histórico Español. Cómpre lembrar que o Ministerio, dentro de todas as propostas presentadas polas diferentes comunidades autónomas, só pode elevar unha cada ano ao Centro de Patrimonio Mundial da UNESCO.

Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas naceu desde o primeiro momento coa vontade de sumar entre todos os territorios implicados e así poder construír, desde o consenso, unha candidatura forte como país. De feito, esta candidatura presenta catro

calidades vantaxosas para lograr a declaración de patrimonio mundial. Para comezar, o seu acreditado valor universal excepcional polo riquísimo patrimonio natural e cultural que albergan Cíes, Ons, Cortegada e Sálvora. Tamén, a súa integridade territorial, os niveis de protección específicos dos que a dispón e, por último, a existencia dunha unidade de xestión.

Beneficio directo para Vigo, Bueu, Vilagarcía e Ribeira

En definitiva, a dita candidatura supón unha oportunidade histórica para Galicia en xeral e, en particular, para todos os concellos que forman parte dela: Vigo, Bueu, Vilagarcía e Ribeira, así como o conxunto das comarcas de Vigo, O Morrazo, O Salnés e Barbanza.

Ademais, a declaración tamén significará un novo recoñecemento mundial da comunidade galega, que sumaría un novo ben patrimonio mundial aos xa existentes, como son o Camiño de Santiago, a Torre de Hércules, a Muralla Romana de Lugo e a Cidade Vella de Santiago de Compostela. Neste sentido, cómpre lembrar que a consellería tamén está traballando noutras dúas propostas para patrimonio mundial: a Ribeira Sacra e o Ferrol da Ilustración.

GALICIA MOBILIZARÁ MÁIS DE 3.000 M € NO SECTOR ENERXÉTICO ATA 2020 E PREVÉ A CREACIÓN DE 12.000 EMPREGOS

- *As directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020, presentadas hoxe ao Consello da Xunta, buscan mellorar a calidade de vida da cidadanía e a competitividade do tecido empresarial a través dun crecemento económico sustentable, fomentando ademais a loita contra o cambio climático e impulsando a economía verde*
- *Optimizarán o aproveitamento do potencial enerxético galego, con especial atención ao aumento da produción a partir de fontes renovables, un eido en que se investirán ao redor de 1300 millóns nos próximos tres anos*
- *Co desenvolvemento destas directrices e a través de proxectos como os ecobarrios o Goberno galego aposta pola eficiencia enerxética e prevé un aforro de 150M€ anuais e a redución de emisións de CO₂ en 4 millóns de toneladas ata 2020*
- *Centrarase na mobilidade sustentable para alcanzar a renovación do parque de vehículos con modelos de menor consumo e introducir o gas como combustible no transporte pesado terrestre e marítimo*
- *Nos últimos nove anos, Galicia investiu 2.748 M € no sector enerxético e lograronse importantes fitos como a instalación de máis de 780 MW de renovables, entre os que se atopan preto de 5200 caldeiras de biomasa, así como a gasificación de 30 concellos e 23 polígonos empresariais*

A Xunta avanza no seu compromiso co sector enerxético galego coa presentación das directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020, coas que se impulsará, mediante a colaboración público-privada, un investimento de máis de 3.000 millóns de euros (o 90% de orixe privada) para mellorar a calidade de vida dos galegos -a través do abaratamento dos custos e do aumento da calidade da subministración- e a competitividade do tecido empresarial grazas a un crecemento económico sustentable, apostando pola eficiencia e a potenciación das enerxías renovables de carácter autóctono. Coa consecución destes retos, que contribuirán á loita contra o cambio climático e ao impulso da economía verde, a previsión é que neste sector se poidan xerar máis de 12.000 empregos para a execución dos proxectos.

As directrices serán a ferramenta de planificación que guiará as medidas que o Goberno galego adoptará neste eido, ata 2020, co obxectivo principal de optimizar o aproveitamento do potencial enerxético galego. Neste sentido, convén lembrar o peso dun sector que representa o 4,3% do PIB galego. Ademais, Galicia é a segunda maior produtora de electricidade con renovables e destaca pola súa gran capacidade para transformar enerxía grazas a unha situación xeográfica que a converte nun dos principais puntos de entrada e saída de produtos enerxéticos.

Liñas de actuación

As directrices enerxéticas prestan especial atención ao aumento da produción de enerxía a partir de fontes renovables cun investimento programado ata 2020 en Galicia de 1.300 M€, o que permitirá, entre outras iniciativas, a instalación de máis de 1.200 MW. En concreto, serán máis de 1.000 MW para producir enerxía eléctrica a través da eólica, hidráulica, biomasa e fotovoltaica; e ao redor de 200 MW de potencia térmica a través da biomasa, a solar térmica, xeotermia e aerotermia.

De xeito paralelo, preténdese diminuír o consumo enerxético, o que comportará tamén un aforro económico estimado de 150M€ ao ano, con medidas como o desenvolvemento do modelo dos ecobarrios, os plans de aforro na Administración autonómica, ou as liñas de axudas de aforro enerxético.

A planificación cara a 2020 tamén prevé impulsar a mobilidade sustentable coa renovación do parque móbil ou a implantación do vehículo eléctrico para a mobilidade urbana, co obxectivo de diminuír a emisión de gases contaminantes, así como a introdución do gas como combustible no transporte pesado terrestre e marítimo.

Nesta mesma liña, as directrices enerxéticas buscan rebaixar a dependencia enerxética de Galicia para lograr que o autoabastecemento acade o 39%, para o que se apostará tanto pola eficiencia como polo desenvolvemento de recursos autóctonos. Tamén inciden na importancia de mellorar a cobertura, calidade e seguridade da subministración, tanto de gas natural -pasando do 67% actual ao 82% de poboación en 2020 con acceso ao gas, aos que se sumarán 37 novos concellos e 20 polígonos industriais con gasificación, e o comezo do deseño e construción das infraestruturas necesarias para o HUB de gas natural licuado (GNL) na comarca de Ferrolterra-, como de electricidade -modernizando os equipamentos- e de hidrocarburos -aumentando a competencia do sector e avanzando na simplificación administrativa para a apertura de novas estacións de servizos-.

A innovación tamén estará presente nestas directrices con actuacións aliñadas coa Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) para mellorar a eficiencia enerxética da Industria 4.0. Por último, preténdese implicar a cidadanía e incrementar a defensa dos consumidores, ofrecéndolles aos galegos e galegas máis información á hora da súa elección enerxética a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC).

Retos cara 2020

Coa aplicación destas directrices, Galicia cumprirá cos retos establecidos pola Unión Europea no Horizonte 2020, que teñen como finalidade contar cunha economía sustentable, con baixas emisións de carbono e cunha produción liderada polas renovables para conseguir unha diminución de prezos, a creación de novos empregos e

o aumento da competitividade das empresas. Algún deses obxectivos xa está alcanzado, como o consumo de enerxía final de orixe renovable, que se sitúa actualmente en Galicia no 38% con respecto ao 20% marcado por Europa para 2020.

Os resultados que Galicia prevé acadar en 2020, ademais de cumprir cos retos europeos, son a creación de 12.000 empregos para a execución dos proxectos incluídos nas directrices, o aforro enerxético de 2858 GWh e económico de 150 millóns de euros ao ano, e a redución de emisións de CO₂ en 4 millóns de toneladas ao longo do período.

Balance 2009-2017

Nos últimos nove anos, Galicia deu un impulso ao seu sector enerxético a través de políticas e medidas que favoreceron un investimento público-privado de 2748 millóns de euros, especialmente na rede de distribución de electricidade e no eido das renovables.

Así, entre os principais fitos acadados, destacan o incremento da potencia en enerxía renovable en 783MW, onde destaca a instalación de preto de 5200 caldeiras de biomasa, a recadación de 183 millóns de euros do canon eólico, a gasificación de 30 concellos e 23 polígonos, o aforro de 23 millóns de euros de consumo enerxético público a través da Redexga ou o apoio a 12.100 familias no pagamento da súa factura enerxética.

AS AXUDAS DA XUNTA PARA EMPRESAS DO SECTOR AGROINDUSTRIAL PERMITIRÁN MOBILIZAR UN INVESTIMENTO DE 173 MILLÓNS DE EUROS

- *A última convocatoria de subvencións da Consellería do Medio Rural, dotada con 29,1 millóns de euros, recibiu un total de 121 solicitudes*
- *Estas achegas destínanse a fomentar a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia para transformación e comercialización de produtos agrarios, e están cofinanciadas polo Feader*
- *Un informe avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego constata que unha parte importante das axudas solicitadas corresponden ao sector lácteo*

As empresas do sector agroindustrial galego teñen previsto investir un total de 173.739.420 euros nos vindeiros anos para impulsar proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios. Así consta nun informe da Consellería do Medio Rural, avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego, sobre as 121 solicitudes presentadas á última convocatoria de axudas da Xunta para esta finalidade, que está dotada con 29,1 millóns de euros.

Estas achegas destínanse a fomentar os investimentos para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia para transformación e comercialización de produtos agrarios e están cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural a través do Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2014-2020.

Por sectores, destacan pola súa importancia as axudas solicitadas para realizar proxectos no lácteo, cun investimento total previsto neste eido de algo máis de 64 millóns de euros. Salienta tamén o investimento presentado dentro do epígrafe de "Outros sectores de actividade", superior aos 65 millóns de euros, e que corresponde principalmente a proxectos relativos á elaboración de cervexa, aceite, mel e pratos preparados.

No sector cárnico, con 29 proxectos presentados e un investimento de 27,6 millóns, sobresaen os proxectos relativos a despezamento e elaborados de porcino, transformación de subprodutos e melloras tecnolóxicas en matadoiros de aves e coellos. Así mesmo, teñen tamén gran importancia os 29 proxectos presentados dentro do sector de manipulación e transformación de froitas e hortalizas, e que corresponden principalmente a instalacións para o procesamento de patacas, castañas, legumes e outros vexetais.

Nesta convocatoria están excluídos os investimentos no sector vitivinícola, xa que este conta con outra liña específica de apoio xestionada a través da Consellería do Medio Rural. Por provincias, dos 121 proxectos presentados 38 sitúanse na da Coruña e

outros tantos na de Lugo. A Pontevedra corresponden 25 iniciativas e as 20 restantes á provincia de Ourense.

Viabilidade das explotacións

Estas axudas teñen unha gran importancia no agro, porque as instalacións de transformación e comercialización de produtos posibilitan a viabilidade das explotacións agrarias, ao achegar valor engadido ás producións e facilitar o seu acceso aos mercados. Ademais, estas industrias serven tamén para fomentar a creación e o mantemento de postos de traballo e benefician o tecido económico das zonas rurais.

Esta liña de apoio ás industrias agrarias é necesaria ao tratarse dun sector que ten un carácter estratéxico para Galicia, por ser un elemento clave para o desenvolvemento do sector agrario, así como, por extensión, para a promoción das zonas rurais.

A XUNTA DESTINA 15 MILLÓNS DE EUROS Á CREACIÓN DE MÁIS DE 1.000 NOVAS PRAZAS DE AMARRE NOS PEIRAOS AUTONÓMICOS NO QUE VAI DE LEXISLATURA

- ***Trátase de actuacións executadas e en tramitación por parte da Consellería do Mar desde o ano 2016 e con elas Galicia contará a finais deste ano con 8.500 prazas de amarre***

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, destinou no que vai de lexislatura 15 millóns de euros para crear un total de 1.011 novas prazas de amarre nos peiraos de titularidade autonómica. Así o recolle o informe da Consellería do Mar analizado hoxe no Consello da Xunta.

Este informe dá conta do esforzo realizado pola Xunta de Galicia nos exercicios 2016, 2017 e 2018 para dotar os peiraos autonómicos de prazas de amarre en pantalán, cumprindo o obxectivo de garantir a maior seguridade para a frota e os usuarios de Portos de Galicia. Nel reflíctese que o 96% destas prazas se destina ao sector profesional pesqueiro e da acuicultura.

O investimento total afrontado ascende a 15 millóns de euros en 14 de actuacións que se atopan a día de hoxe xa executadas, en execución ou en tramitación administrativa con partida orzamentaria consignada. Por zonas administrativas, os peiraos que contan con esta nova dotación son cinco na zona centro, que son Muros, O Freixo (Outes), Porto do Son (dúas actuacións), Ribeira e Cabo de Cruz (dúas actuacións). Na zona sur outros cinco, que son Vilaxoán (Vilagarcía), O Xufre (A Illa de Arousa, dúas actuacións), Santo Tomé (Cambados), O Grove e Campelo (Poio); e un na zona norte, en Foz.

Con estas dotacións, Galicia contará con 8.500 prazas de amarre para os profesionais do mar, para a náutica-recreativa e para as embarcacións tradicionais no peche do exercicio actual.

Ademais da habilitación de novas prazas a través da instalación de pantaláns, estas estruturas acompañanse de medidas e elementos engadidos orientados ao reforzo da seguridade e á maior comodidade dos traballadores do porto. É o caso das dotacións de *fingers* e brazos de amarre, canalizacións e subministración de luz e auga e emprego de materiais innovadores como a madeira tecnolóxica nos pavimentos.